

“Unha noite no museo”

O/a nocturno/a
quedou inscrito/a na actividade “Unha noite no museo”, que se realizará no
Fórum Metropolitano do sábado 19 de novembro, desde as 19.00 h, até o
domingo 20 de novembro, ás 13.00 h.

Selo de Fórum/Ágora



Cuestionario do/a participante (para cubri-lo a nai, pai ou titor/a legal).
Marcar o que corresponda.

A/o solicitante posúe algunha alerxia alimentaria?

SI NON (En caso afirmativo, detalle o máis posible o tipo de alerxia.)

A/o solicitante padece algunha doenza que lle impida realizar actividades físicas ou
estar exposto a “emocións fortes”?

SI NON (En caso afirmativo, detalle o tipo de doenza.)

A/o solicitante precisa algún outro tipo de atención?

SI NON (En caso afirmativo, detalle cal):

Como recordo da actividade as/os participantes levarán unha foto de grupo.
Aplicaranse a Lei galega da familia, a infancia e a adolescencia e a Lei de protección
de datos. Autorízanos a que a/o menor saia na dita foto:

SI NON

Outras cuestións de interese:



“UNHA NOITE NO MUSEO”



Onde?

No Fórum Metropolitano

Cando?

Sábado 19 de novembro do 2016



Se o queres pasar ben...

... atrévete a internarte nun mundo fantástico, cheo de sorpresas, onde todo é posible... un museo da nosa cidade virá ao Fórum por unha noite. Os obxectos, os personaxes... estarán no Fórum para facer da nosa noite unha velada divertida e única pero ollo!, as cousas non son o que asemellan...

Viste con espírito aventureiro e prepárate para vivir unha noite divertida na que nada vai ser o que parece.

Explora os recunchos do Fórum para axudar a encontrar e descubrir os personaxes e os segredos que esconde un dos museos máis emblemáticos da nosa cidade trasladado ao Fórum.

Demuestra o teu valor realizando as aventuras máis intrépidas e alouçadas xamais vividas.

Goza dunha noite increíble, onde, por raro que pareza, todo pode acontecer.

Requisitos para participar na actividade

- Nenas e nenos nados entre 2004 e 2010
- Aboar a cota de inscrición no prazo indicado e en efectivo

As/os participantes inscritos deberán levar

- Roupa e calzado moi cómodos, preferiblemente roupa deportiva
- Elementos de aseo persoal
- Un saco de durmir
(se ten unha esteira e lle é posible traela, mellor; senón, o Fórum dispón de esteiras e un tatami para distribuír).

Horario da actividade:

Recepción das/dos participantes no Fórum Metropolitano, ás 19.00 h do sábado 19 de novembro (auditorio) e entrega o domingo 20 de novembro, ás 13.00 h, na entrada principal do Fórum Metropolitano.

Cota: 20 euros (36 euros no caso de 2 irmáns/irmás, 48 euros no caso de ser 3. Noutros casos, consultar). Inclúe a cea do sábado (bolos con salchicha, tortilla, croquetas e bocadillos variados, froita e zumes), o almorzo do domingo (galletas, bolos, leite con chocolate, zumes e froita), así como os materiais.

Inscrición: para as nenas e nenos que están nas actividades do programa de lecer de ambos os centros: na conserxaría do Fórum Metropolitano ou de Ágora, do 29 de outubro ao 5 de novembro (incluídos), de 9.00 a 20.00 h, de luns a venres e os sábados de 9.00 a 13.30 h

Para as demais persoas interesadas: a partir do luns 7 de novembro, por rigorosa orde de inscrición.

Prazas limitadas (150 participantes). Se non se cubriren un mínimo de 100 prazas, suspenderase a actividade e devolveráselles o importe da inscrición.

Só se entregarán 3 solicitudes por persoa (salvo no caso de irmáns).

Datos da/do nocturneira/o:

Nome:.....Data de nacemento:...../...../20....

Apelidos:.....

Teléfonos:.....

D./D.^a

con DNI, nai/pai/titor-a legal da/do solicitante, desexa inscribilo en “Unha noite no museo”, que se realizará do 19 ao 20 de novembro de 2016, nas instalacións do Fórum Metropolitano.

Así mesmo, declaro que non posúe ningún problema de saúde que lle impida participar na actividade.

A Coruña, ____ de _____ 2016 (sinatura)